

EL COCHECITO

Marco Ferreri, 1960

1291

ESTREA EN NUMAX: 14.05.2024 | V.O. | 86 min

Don Anselmo, un ancián xa retirado e cunha saúde de ferro, decide mercar un cocheciño motorizado para persoas con mobilidade reducida xa que todos os seus amigos pensionistas posúen un. A familia négase ante o capricho do ancián, pero el decide vender todas as posesións de valor para compralo.

Un clásico do cinema español co gran Pepe Isbert e guión de Azcona e Ferreri.

«Un dos clásicos do cinema europeo»

Gregorio Belinchón. EL PAÍS



Un retrato despiadado dun país

Por Carlos Losilla

Última película que o italiano Marco Ferreri rodou en España, *El cochecito* (1960) pertence a ese nutrido grupo de comedias esperpénticas realizadas no país entre finais dos anos cincuenta e principios dos sesenta, entre elas outras obras mestras como *El verdugo* (Luis García Berlanga, 1963) ou *El extraño viaje* (Fernando Fernán Gómez, 1964). Ferreri chega a terras españolas catro anos antes, como representante comercial de obxectivos para cámaras de cinema, e axiña coñece o escritor e guionista Rafael Azcona, con quen inicia unha frutífera colaboración. Así, tras *El pisito* (1958) e *Los chicos* (1959), culminou esta memorable triloxía inicial con *El cochecito*, onde se conta a historia dun ancián (José Isbert) obsesionado por conseguir un vehículo para impedidos como o dalgúns dos seus amigos, a pesar de non contar con ningunha minusvalía, convencido de que iso lle permitirá non só unha maior mobilidade, senón sobre todo a súa definitiva integración no grupo. Tan desatinado argumento, con todo, non se limitou a recrearse nese humor negro tan español, localizable nalgún lugar perdido entre a obra de Goya e a de Valle-Inclán. Pois *El cochecito* é tamén unha película sobre o seu tempo, o retrato desapiadado dun país e dunhas xentes atrapadas en tempos de miseria.

En principio, Ferreri recorre a unha linguaxe que parece nidia e transparente: planos distantes, longos, contemplativos, que debuxan un naturalismo acentuado pola rodaxe en escenarios naturais, seguindo o ronsel do neorrealismo italiano. Con todo, aos poucos todo vai tomando outro aire e as situacións empezan a perseguir unha estraña lóxica, a medio camiño entre o documento verista e a reflexión existencial. Neste sentido, *El cochecito* non se limita a dar conta dunhas cantas vidas insignificantes, nin o seu propósito último é deixar á intemperie unha realidade que o cinema oficial do réxime se negaba a mostrar. O filme de Ferreri ten moi claro que está a tratar con seres humanos, por disparatados que sexan os seus comportamentos, e a súa intención principal revélase moi distinta: estamos ante a crónica dun desexo xamais satisfeito, unha crítica radical da ilusión como motor do comportamento humano. Don Anselmo loitará contra a realidade incansablemente, enfrontarase á súa familia e mesmo ás leis con tal de conseguir o que quere, sen darse conta de que as limitacións e prohibicións que lle impiden satisfacer as súas pulsións non só teñen que ver coa moral e coas normas de conduta, senón sobre todo coa súa condición de cidadán dunha civilización en decadencia.

Ferreri desenvolveu este tema con amplitude na súa posterior carreira en Italia e Francia, desde a apocalipse gastronómica de *La grande bouffe* (1973) ata o manifesto feminista de *O futuro é muller* (1984), pasando pola regresión do home ao mono escenificada en *Adeus ao macho* (1978). Porén, *El cochecito* contén algúns elementos que teñen máis que ver cos seus coetáneos españois que con aquel cinema europeo no que se inscribirá posteriormente. O protagonismo coral, por exemplo, atopará a súa cima no Berlanga de *Plácido* (1961). E a súa vea escatolóxica, ás veces de grande agresividade, quedará atinadamente reformulada no cinema de Francisco Regueiro, sobre todo en *Duerme, duerme mi amor* (1975) e *Las bodas de Blanca* (1975). Nada máis definidor do estilo ferreriano no seu paso por España que eses planos do "cochecito" ategado de personaxes, nos que todos falan e xesticulan á vez, nun inmenso balbordo que podería referirse tanto á condición dese país que contemplaba con ollos distantes de estranxeiro, como a aquel momento histórico no que mesmo a linguaxe estaba a empezar a deixar de ser xa un instrumento de comunicación.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El cochecito,
Marco Ferreri.
Cameo [DVD]

El pisito,
Rafael Azcona.
Acantilado, 2016

Berlanga 1921-2021,
Luis García Berlanga.
Divisa [BD]